



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO XXXIV CONCURSO DE CONTOS 'VILA DE PONTEDEUME'

Reunido o 9 de maio de 2024, ás 17.00 h, o xurado do XXXIV Concurso de Contos 'Vila de Ponte deume', formado por: Antonio Manuel Fraga Allegue (escritor eumés), en calidade de presidente; Emma Pedreira (escritora); Cristina Fraga López (directora e actriz de teatro); Brais Rey Campos (profesor e actor de teatro), en calidade de vogais; e Esther Leira Penabad, en calidade de secretaria,

ACORDOU por unanimidade:

1. **O sistema de avaliación e votación dos contos**, establecendo 6 criterios e unha puntuación de 4 a 1 por criterio.

- ORGANIZACIÓN

4 PUNTOS. O conto presenta un principio, un desenvolvemento dun problema e unha solución coherente. As accións acontecen nunha orde lóxica e con transicións claras.

3 PUNTOS. O conto presenta principio e desenvolvemento dun problema, pero a solución non é coherente coa formulación. As accións desenvólvense cunha orde lóxica, pero as transicións non son claras

2 PUNTOS. O conto contén ideas organizadas ao redor dunha idea central, mais non desenvolve o problema formulado nin/ou presenta un desenlace coherente.

1 PUNTO. O conto mostra ideas incoherentes ou desconectadas. O propósito da escritura non é claro.

- IDEAS E CONTIDO

4 PUNTOS. O conto presenta unha idea central ben definida, sustentada por detalles que a enriquecen de forma coherente e atractiva.

3 PUNTOS. Presenta unha idea central orixinal, desenvolta con detalles importantes e interesantes.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2 PUNTOS. A idea central descríbese a través de detalles non moi desenvolvidos.

1 PUNTO. Non ten unha idea central. Falta detalles de soporte.

- DESENVOLVEMENTO DE PERSONAXES

4 PUNTOS. Os personaxes están ben caracterizados a través de descrições ou accións. É fácil para o lectorado visualizalos e describilos.

3 PUNTOS. Os personaxes están ben caracterizados a través de descrições ou accións. O lectorado faise unha idea de como son os personaxes.

2 PUNTOS. Os personaxes caracterízanse brevemente. O lectorado coñece pouco deles.

1 PUNTO. Hai poucas descrições dos personaxes e é difícil caracterizalos e inclusive identificalos.

- CREATIVIDADE

4 PUNTOS. O conto sorprende pola súa orixinalidade, as súas ideas e a súa voz son únicas e creativas.

3 PUNTOS. O conto é orixinal, pero non ten unha voz propia.

2 PUNTOS. O desenvolvemento do conto é predicible, cunha repetición de ideas coñecidas que reduce a efectividade do propósito.

1 PUNTO. O conto ten similitude con outros contos ou con outras ficcións.

- GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA

4 PUNTOS. A gramática e a ortografía son correctas.

3 PUNTOS. Hai algúns erros gramaticais e/ou ortográficos.

2 PUNTOS. Os erros gramaticais e/ou ortográficos afectan á comprensión do conto.

1 PUNTO. Os erros gramaticais e/ou ortográficos distraen o lectorado da comprensión do conto

- USO DA LINGUAXE

4 PUNTOS. Utiliza un vocabulario adecuado ao rexistro narrativo e ton do conto que demostra un excelente manexo da linguaxe.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3 PUNTOS. Emprega un vocabulario que evita a repetición e logra comunicar ideas alén das palabras. Utiliza oracións variadas, cunha estrutura creativa ou máis complexa.

2 PUNTOS. Utiliza oracións completas, pero patróns curtos e repetitivos.

1 PUNTO. O vocabulario utilizado é moi básico. Utiliza oracións ás veces incompletas e moi simples.

2. Declarar nulo o conto “Sen título”, dado que incumpre a base 4, guión 2, das BASES do concurso: *“... Un arquivo co título do conto que conterá a obra. En ningún caso poderá figurar o nome e apelidos do autor ou autora.”*

3. Dar as seguintes puntuacións totais aos contos presentados que cumpren as bases segundo os criterios establecidos:

CONTO	PUNTUACIÓN
“Caramelos de café”	66
“Benvida, Mía”	62
“Tantos anos de esquecemento”	59
“O soño”	56
“Conto de eternidade”	53
“Unha soidade compartida”	53
“”Iacobe”	52
“Amores que matan”	45
“A carón dun río”	44
“A guerra civil española”	41

3. Conceder o premio e un accésit:

Outorgar o **Premio do concurso**, dotado con 600 euros, ao conto: **“Caramelos de café”**, presentado baixo o pseudonimo *Franky* da autora **Malena Castiñeira Franesqui**.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O xurado considera que se trata dun bo exercicio de diálogos e caracterización de personaxes, sobre todo a través da relación entre eles, permitindo debuxar unha imaxe dos mesmos, reforzada nos diálogos. Valórase o tratamento da relación entre avoa e os netos. Presenta, ademais, un uso da lingua e da construción do texto excelentes. É un relato ben organizado, cunha idea clara e ben definida. A destacar tamén a tentativa de afondar no tema da percepción do tempo e da vida, e de como evoluciona coa idade ao sumar anos, vivencias e experiencia, e achegarse ao final da vida. Presenta tamén madurez á hora de afrontar o tema da morte, da perda e da lembranza, fuxindo de sensacionalismos e afondando dun xeito poético no paso inexorable e veloz dos anos en contraste co tedio dos días da vellez.

Outorgar un **Accésit** ao conto: **“Benvida, Mía”**, presentado baixo o pseudónimo **P. Asteri**, da autora **Jamily Fentanes Barrozo**.

O xurado valorou a presentación duns personaxes ben definidos, creados a través das sensacións que xeran no lector ao irse definindo polas súas accións. Destácase tamén a claridade na exposición do conflito, así como no desenvolvemento dos distintos acontecementos, sabendo sempre cara a onde vai a acción, cun desenvolvemento nítido do principio ao final que crea no lectorado o desexo de coñecer máis detalles sobre as circunstancias da súa protagonista.

Pontedeume, 9 de maio de 2024

MARÍA
ESTHER
LEIRA
PENABAD -
32641449X
Fecha:
2024.05.10
11:21:18 +02'00'


Firmado
digitalmente
por MARÍA
ESTHER LEIRA
PENABAD -
32641449X
Fecha:
2024.05.10
11:21:18 +02'00'

Asinado por FRAGA ALLEGUE
ANTONIO MANUEL - ***1665** o
día 10/05/2024 cun
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios

P.O EMMA DE LA PIZAR PEDREIRA LOMBARDÍA



Mª ESTHER LEIRA PENABAD



A secretaria

O presidente

Vogais

